XUNTA DE GALICIA

EMPREGO GALICIA

# SERVIZOS TELEMÁTICOS DE EMPREGO GALICIA

Guía de competencias dixitais básicas para a busca activa de emprego



#SeguimosAdiante

# Para que serven os servizos telemáticos?



## Para achegarte os nosos servizos

A través de Internet, levamos os nosos servizos ata onde ti esteas en cada momento. Deste xeito, podes acceder aos servizos/trámites de Emprego Galicia desde o teu ordenador persoal ou levalos contigo no teu dispositivo móbil.

## Para que non teñas que desprazarte nin agardar

Accede aos nosos servizos sen necesidade de acudir de forma presencial á túa oficina de emprego, sen atender horario e sen ter que agardar a túa quenda. Desde onde queiras, cando queiras e como queiras a través da conexión a Internet dun espazo público ou privado, ou da rede de datos do teu móbil.

## Coa mesma validez que se o fixeses presencial

Podes ter a tranquilidade de que os servizos aos que accedas ou realices a través dos medios telemáticos con Emprego Galicia teñen a mesma validez que os que fas de xeito presencial, e os xustificantes que recibes son os mesmos que recibirías se acudises en persoa á túa oficina de emprego.

# Principais servizos telemáticos de Emprego Galicia

## 1 Portal de Emprego da Xunta de Galicia

Unha páxina web na que podes acceder de xeito unificado a toda a información de interese en relación aos servizos para emprego que tes dispoñibles como persoa demandante en Emprego Galicia.

## 2 Oficina Virtual do Emprego Autónomo

Se a túa opción é o emprego por conta propia, na oficina virtual do emprego autónomo da Xunta de Galicia atoparas, reunida nun único lugar, toda a información que precisas para poñer en marcha ou desenvolver e consolidar o teu proxecto, coa posibilidade de obter asesoramento específico para o teu proxecto.

## 3 Oficina Virtual de Emprego

A túa oficina de emprego accesible a través de Internet, onde poderás ver os datos e o estado da túa demanda, obter informes asinados electrónicamente, solicitar servizos como cursos de formación ou orientación laboral ou renovar a túa demanda e solicitar cita previa.

## 4 Aplicación MOBEM

Unha app para dispositivos móbiles dispoñible nas tendas de aplicacións das principais plataformas (Android e iOS), que permite levar Emprego Galicia no teu peto.

XUNTA
DE GALICIA

# Coñece o básico do portal de emprego da Xunta de Galicia

Acceder

#SeguimosAdiante

# Portal de emprego

Acceder

## 1 Portada de demandantes

**PORTADA DE DEMANDANTES**

**Menú** de navegación

**Ofertas** de emprego en difusión

**Cursos** dispoñibles




Carrusel* coas últimas **novidades**

Pulsa no enlace do recadro para ver **máis información** relacionada

*Os contidos destacados e o carrusel vanse actualizando de acordo ás necesidades de información de cada momento.

**Destacados**

# Portal de emprego

Acceder

## 2 Busca emprego

Dende a opción **busca emprego** podes acceder a buscadores de ofertas de emprego en varios ámbitos:



# Portal de emprego

Acceder

## 2 Busca emprego

A opción **buscar emprego en Galicia** desprega o buscador de ofertas en difusión, onde poderás ver todas as activas e **autopostularte** ás que che interesen.

**Filtros** de busca disponibles

Relación de **ofertas vixentes**




Ao pulsar sobre o título dunha oferta do teu interese desprégase o detalle da mesma, coa posibilidade de presentar a túa candidatura a través da opción "**Solicitar**" (require autenticación na Oficina Virtual de Emprego)

Tamén poderías solicitar a túa vinculación á oferta a través do 012

# Portal de emprego

Acceder

## 3 Busca formación

Neste apartado tes toda a información referente aos diferentes programas de formación para o emprego, así como o acceso ao **buscador de formación**.



# Portal de emprego

Acceder

## 4 Buscador de formación

Neste apartado tes toda a información referente aos diferentes programas de formación para o emprego, así como o acceso ao **buscador de formación**.

**Filtros** de busca disponibles




Relación de **accións formativas**

Ao pulsar sobre o título dun curso do teu interese desprégase o detalle do mesmo, coa posibilidade de solicitar que che teñan en conta ao facer a selección para o mesmo a través da opción "**Solicitar**" (require autenticación na Oficina Virtual de Emprego)

Tamén poderás solicitar o curso poñéndote en contacto coa entidade responsable da formación (cando estas opten pola selección directa)

## 5 Outros apartados de interese. | **Emprendemento**

Non esquezas botar un ollo ás restantes seccións do noso portal web, especialmente á referida ao **emprendemento**, onde poderás atopar información do teu interese se queres poñer en marcha o teu proxecto de emprego por conta propia.




Máis información en emprego.xunta.gal
e no Emprego Galicia

XUNTA DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

# Oficina Virtual de Emprego da Xunta de Galicia

#**Seguimos**Adiante

# **Oficina Virtual de Emprego**
# da Xunta de Galicia




OFICINA VIRTUAL

Accede a **emprego.xunta.gal** e pulsa sobre a opción de **Oficina Virtual**.

# Datos de acceso á **Oficina Virtual de Emprego**




Para acceder á oficina virtual necesitas ter rexistrado un correo electrónico na túa demanda:

- **Se non tes o teu correo electrónico rexistrado na túa demanda de emprego**, ponte en contacto coa túa oficina de emprego para que o rexistren (deberá ser un correo persoal teu).
- **Se tes o teu correo electrónico rexistrado na túa demanda de emprego**, podes utilizalo como identificador e usar a opción **esqueciches o teu contrasinal**? para xerar un novo.

# Información de **inicio**

**Nome** co que accediches




Acceso aos servizos da **oficina virtual de emprego**

Podes empregar calquera dos dous indistintamente, xa que levan ao mesmo contido.

Datos do **acceso**

# A **oficina virtual de emprego** nunha ollada




**1** Solicitar cita previa nunha Oficina de Emprego.

**2** Renovar a demanda de emprego e obter unha copia da tarxeta.

**3** Consultar e modificar datos rexistrados na demanda. Solicitar informes asinados electrónicamente.

**4** Solicitar orientación laboral

**5** Buscar ofertas de emprego e presentarse como persoa candidata.

**6** Buscar cursos de formación para o emprego e solicitar a túa participación, así como tamén obradoiros de emprego.

Máis información en emprego.xunta.gal
e no in Emprego Galicia

XUNTA DE GALICIA

# Actualiza **datos persoais** na túa demanda

**Datos persoais** que tes rexistrados na túa demanda de emprego

**Datos que podes modificar** desde a oficina virtual de emprego




Os datos que podes modificar son:
Teléfono de contacto.
Enderezo de notificación.
Correo electrónico.

# Os teus **datos profesionais**

Obtén unha **copia impresa do teu CV** rexistrado

Para maior comodidade na súa revisión e actualización, a información sobre os teus datos profesionais está estruturada en lapelas.

En cada lapela verás as opcións de engadir nova información.



# Solicitude de **informes**

Solicita e recibe automaticamente informes relativos á túa demanda.

Os informes dispoñibles son:
Períodos de inscrición.
Demanda de emprego.
Mobilidade xeográfica.
Inscrición sen rexeitamento.



# Buscar **ofertas de empleo**




**Buscador** de ofertas de emprego

**Filtros** para precisar a busca

**Ofertas coincidentes** cos criterios de busca indicados

Ao premer sobre o título da oferta verás toda a información asociada á mesma e, se queres participar nela, só tes que pulsar no botón "**Solicitar**".

# Segue e personaliza as **túas candidaturas**

Fai **seguimento ao estado das ofertas** nas que participas e confirma a túa dispoñibilidade nas mesmas




Tes a posibilidade de **subir currículos personalizados**, que proximamente poderás enviar ás ofertas ás que te postules desde a oficina virtual

# **Busca cursos** do teu interese

Buscador de **cursos dispoñibles**

**Filtros** para precisar a busca

**Cursos coincidentes** cos criterios de busca indicados




Ao premer sobre o título do curso verás toda a información asociada ao mesmo e, se queres, podes facer unha preinscrición para que che teñan en conta na selección de alumnado. Tamén terás os datos para poñerte en contacto coa entidade impartidora por se optan pola selección directa do alumnado

# Solicita **obradoiros e especialidades**

Dende a oficina virtual tamén poderás solicitar obradoiros de emprego ou especialidades formativas do teu interese.

Buscador de obradoiros




Solicitar especialidades

Máis información en emprego.xunta.gal
e no Emprego Galicia

XUNTA DE GALICIA

# Aplicación Mobem

# Descarga a aplicación **Mobem**




Na tenda de aplicacións do teu teléfono móbil, busca a app de **Mobem** (é gratuíta) e instálaa.

Dispoñible para dispositivos **Android** e **iOS** nas tendas de aplicacións respectivas.

iOS

Android

Máis información en emprego.xunta.gal
e no Emprego Galicia

XUNTA
DE GALICIA

# Valida o teu acceso

A primeira vez que a abras terás que identificarte.

Selecciona e introduce o teu **correo electrónico** ou documento de identidade

Debe ser o correo electrónico rexistrado na túa demanda.

Indica o teu **contrasinal**

Se non tes ou o esqueciches, usa a opción “**esqueceu o seu contrasinal?**” para conseguir un novo.




Máis información en emprego.xunta.gal
e no in Emprego Galicia

XUNTA DE GALICIA

# Completa a configuración de inicio

1

Outorga os **permisos** solicitados pola aplicación para poder xestionar os servizos.







2

Selecciona o **idioma** no que queres ver a aplicación.

O idioma poderás cambialo en calquera momento desde a opción de “**Axustes**”.

# Portada xeral de Mobem

Unha vez completada a configuración inicial e, posteriormente, cada vez que accedas á aplicación, verás a **portada xeral** coa seguinte información:




- O teu nome
- A situación da túa demanda
- Data da seguinte renovación
- Solicitude de cita previa
- Axustes da aplicación
- Data da anterior renovación
- Descarga do xustificante de renovación
- Renovación da demanda
- Axenda de citas

# Solicitude de cita previa

1

Unha vez seleccionada a opción de **cita previa**, acepta o aviso que aparece en pantalla.







2

Selecciona **provincia e oficina**, pulsa en seguinte e sigue as indicacións da pantalla.

# Descarga da tarxeta de renovación

Dende MOBEM podes descargar unha copia da túa tarxeta (coñecida como DARDE) acreditativa de que tes **renovado** a túa demanda de emprego.

Dende aquí poderás **gardar** unha copia en formato PDF ou **compartila** a través do teu correo electrónico

Este documento ten a mesma validez que o que che selan na túa oficina de emprego.






# Renovación da túa demanda

Cando che toque renovar, en lugar de ir á túa oficina de emprego a que che poñan o selo en papel, podes facelo de xeito telemático a través de MOBEM.

Unicamente poderás renovar na data en que che corresponda facer a renovación.



**DEMANDA DE EMPREGO - XUSTIFICANTE**

**N.I.D. :** D - 61627649T
**Data de nacemento:** 14-07-1973

**A SÚA DEMANDA ESTÁ DE ALTA**

**Oficina de emprego:**
CSTGX14 - O.E. SANTIAGO-NORTE
CL COTO, 19
881867306

MARÍA GARCÍA VILA
RÚA REPÚBLICA DEL SALVADOR Nº 12
15704 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (CORUÑA (A))
ESPAÑA

**Data de inscrición:** 02-06-2020
**Datas para as próximas renovacións:**
01-09-2020 01-12-2020 02-03-2021 01-06-2021 31-08-2021 30-11-2021

*Esta demanda ten unha validez temporal ata a data arriba indicada.*
*O horario de renovación nas oficinas de emprego é de 9 a 11 horas. A demanda de emprego debe renovarse exclusivamente nas datas sinaladas.*

*ón 29-06-2020 11:47*
*Portal de emprego http://emprego.xunta.es*

v 4.00 (i-ga) 706 - 16:09 62BC837847F57436D95F1EE2194C4867B08CD934

Este documento que obtés da túa renovación telemática é plenamente válido, e dispón dun código electrónico de verificación que demostra a súa autenticidade.



# Consulta avisos e citas

Dende a opción de **Eventos** poderás ver tanto os **avisos** como as túas **citas** pendentes e as próximas **datas de renovación** da demanda.

Citas de orientación programadas

Citas pendentes para procesos de selección para cursos

Datas das próximas renovacións da túa demanda







Confirmacións de dispoñibilidade pendentes

Cando aparezas como unha das persoas candidatas nunha oferta de emprego, antes de que enviemos o teu currículo debes confirmar que estás dispoñible para acudir a unha posible entrevista de selección.

# Consulta a información sobre a app

Na opción de **Información** podes ver todo o referente á **protección de datos de carácter persoal e políticas de privacidade** da app.




Neste apartado tamén tes outra información de interese, como o correo electrónico para comunicarse co servizo, ou o teléfono para a atención a persoas demandantes.

XUNTA
DE GALICIA

# O básico da oficina virtual do emprego autónomo

Acceder

#SeguimosAdiante

# Oficina Virtual do **Emprego Autónomo**




Máis información en emprego.xunta.gal
e no in Emprego Galicia

XUNTA DE GALICIA

# Información sobre **axudas vixentes**

Desde o menú de **axudas** podes ver, **por categorías**, todas as convocatorias en vigor que apliquen ao emprego autónomo.

Categorías




Acceso á tramitación electrónica




Resumo da axuda

Acceso á publicación oficial (DOG, BOE...)

Acceso á información na Sede Electrónica

# **Rexistro** como persoa autónoma

Podes rexistrarte de forma gratuíta e así acceder á zona privada da oficina virtual do emprego autónomo, onde tes dispoñibles funcionalidades exclusivas.




Desde a zona interna poderás crear un **escaparate virtual** onde expoñer os teus produtos e servizos, ou presentar **ofertas de colaboración** dirixidas a outras persoas autónomas rexistradas que poidan complementar as túas necesidades.

Tamén poderás acceder ao formulario de consultas para resolver as túas dúbidas en relación a calquera ámbito do emprego autónomo.

Indica un nome de usuario e un correo electrónico para rexistrarte

EmpregoGalicia

#oteu**Emprego**máis**próximo**

XUNTA DE GALICIA